

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publican as puntuacións provisionais do proceso selectivo para o ingreso polo sistema de concurso, á condición de persoal estatutario fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria.*

Mediante a Resolución do 18 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* núm. 80, do 27 de abril) convocouse o proceso selectivo, polo sistema de concurso, para o acceso á condición de persoal fixo da categoría de facultativo/a especialista de atención primaria.

A base oitava da resolución citada dispón que, realizada polo tribunal a baremación dos méritos achegados polos/as aspirantes, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará no *Diario Oficial de Galicia* o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación provisional obtida por cada aspirante nos distintos puntos do baremo, así como a valoración total do concurso.

Logo de realizada polo tribunal a baremación correspondente de conformidade coa base oitava da resolución de convocatoria, esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

**ACORDA:**

Primeiro. Publicar, na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)), as puntuacións provisionais obtidas polos/as aspirantes presentados/as ao proceso selectivo, na categoría de facultativo/a especialista de atención primaria.

Cada aspirante poderá consultar, ademais, o detalle da puntuación obtida nas distintas epígrafes do baremo, no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. De conformidade coa base oitava da Resolución do 18 de abril de 2022, contra os resultados da baremación provisional, os/as aspirantes poderán presentar reclamación ante o respectivo tribunal de selección no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



A reclamación deberá presentarse nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberá dirixirse á sede do tribunal para o efecto de comunicacións, situada na Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela.

A estimación ou desestimación das reclamacións presentadas entenderase implícita na resolución pola que se aproben as puntuacións definitivas, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2022

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos

